

Comunicado nº 256/18  
26 de decembro de 2018

# CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES VIRTUAL 2019

XOGO: Richard Burns Rallye  
PLATAFORMA: Pc  
ORGANIZAN: Joaquín Pérez e Cristian Lamas  
COLABORAN: Sim Control e a Federación Galega de Automobilismo



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE

**AON**  
Empower Results®

**HDI**  
AIG

DEPORTE  
GALEGO  
galicia  
XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## REGULAMENTO PARTICULAR



## 1. XERAL

- 1.1 O 1º Campionato Galego de Rallyes Virtual é un campionato virtual totalmente lúdico recreativo sen ánimo de lucro.
- 1.2 A inscrición neste campionato significa a plena aceptación de todo o escrito neste presente regulamento.
- 1.2 Non se consentirá ningún tipo de falta de respecto, boicot, nin comentarios que ensucien ou maltraten a imaxe do campionato ou ao comité organizador. Dita actitude poderá repercutir de maneira indefinida na participación ou puntuaxe futuros, todo isto sempre a xuzgar polo comité organizador.
- 1.3 Calquera aspecto non contemplado neste regulamento quedará ao total xuízo do comité organizador, actuando sempre da maneira máis lóxica posible.
- 1.4 O comité organizador reservase o dereito de realizar calquera cambio no presente regulamento sen previo aviso, inclusive unha vez comezado o campionato.

## 2. REQUISITOS

- 2.1 A plataforma a utilizar é o xogo de ordenador **Richard Burns Rallye** mediante o "mod" ou plugin checo. Para instalar o xogo podes atopar máis información neste [LINK](#), e para poder xogar tes que estar rexistrado na páxina <http://rbr.onlineracing.cz>. Tamén poderás obter todo tipo de información variada de como funciona o plugin e demais neste outro [LINK](#). É necesario ter sempre o plugin e as físicas actualizadas a última versión dispoñible.
- 2.2 Enviar o boletín de inscrición mediante este [LINK](#), **totalmente obrigatorio rexistrarse antes no plugin checo e ter o xogo xa funcionando**. A lista de inscritos se ordenará o 04 de XANEIRO de 2019. De ahí en adiante se tramitarán inscricións so nos días que non haxa probas disputándose e asignarse o último dorsal dispoñible.
- 2.3 Estar en posesión da licenza FEIR, solicitar neste [LINK](#)
- 2.4 Totalmente prohibida a participación dunha mesma persoa con varios nomes diferentes. Establecéndose coma único nick posible o indicado no boletín de inscrición ao campionato.
- 2.5 Non se entregarán licenzas nos días que se disputen probas.
- 2.6 Para poder participar límitase a nacionalidade a España e Portugal. Poden correr pilotos de outras nacionalidades só co permiso excepcional do comité organizador.

## 3. DESENROLO DAS PROBAS E CALENDARIO

- 3.1 A fecha de comezo do campionato será o **14 de XANEIRO de 2019**. E a duración do campionato e de aproximadamente 3 meses e unha semana. O calendario e rodabooks poderanse consultar neste [LINK](#).
- 3.2 O calendario constará de 7 probas de igual coeficiente, 1. Cada proba terá unha duración de 7 días xustos, comezaría o Luns as 00:01 e remataría o Domingo as 23:59. Os tramos faránse públicos 1 semana antes do comezo de cada rallye.
- 3.3 Para a clasificación do campionato e das categorías, reteranse os resultados de tódolos rallyes celebrados menos unha; que será ou o peor resultado obtido (pode contar como peor resultado a non participación nunha proba)
- 3.4 Crearase un post no foro para cada rallye; onde se tratará calquera tema relacionado co mesmo, información xeral, crónicas, fotos, clasificacións, queixas, dudas, etc...
- 3.5 Os rallyes serán todos de 1 LEG, e o número de TCs pode variar dependendo do rallye. Os KM cronometrados finais sempre oscilarán entre 50-70 aproximadamente.

- 3.6 O nivel de dificultade en danos será reduced onde o plugin o permita, hai tramos que forzosamente teñen que ser realistic.
- 3.7 Haberá Superrally en tódolos tramos, con 300 segundos de penalizacións por cada tramo non rematado.
- 3.8 O comité organizador non se responsabiliza das penalizacións que o plugin impoña. En casos extremos poderán ser estudadas se non son lóxicas, pero isto non asegura a súa retirada.
- 3.9 O comite organizador tampouco se responsabiliza das posibles caídas do servidor ou do subministrador de internet no domicilio do participante, nestes casos consideranse como abandono por avería mecánica.
- 3.10 Calendario (é posible que os rallyes teñan contrasinal de acceso, a cal vos chegará por email):

**Rallye da Coruña** - ASFALTO - Do 14 ao 20 de Xaneiro de 2019  
**Rallye de Noia** - ASFALTO - Do 28 de Xaneiro ao 3 de Febreiro de 2019  
**Rallye Recalvi Rias Baixas** - ASFALTO - Do 11 ao 17 de Febreiro de 2019  
**Rallye de Narón** - ASFALTO - Do 25 de Febreiro ao 3 de Marzo de 2019  
**Rallye do Botafumeiro** - ASFALTO - Do 11 ao 17 de Marzo de 2019  
**Rallye Ribeira Sacra** - ASFALTO - Do 25 ao 31 de Marzo de 2019  
**Rallye San Froilán** - ASFALTO - Do 8 ao 14 de Abril de 2019

\*\*\*Con respecto ao calendario real faltarían 2 probas (Ulloa e Surco) isto é resultado dunha selección por sorteo aleatorio, a idea para seguintes campionatos é de facelos co número de probas íntegras.

#### 4. CATEGORÍAS

4.1 As categorías admitidas son as seguintes, cada participante é libre de inscribirse na que queira, pero solicitamos un pouco de seriedade a hora de seleccionala. O nivel é proporcional de máis a menos respecto ao orde que indicamos. Se eres novato o consello é que empeces dende abaixo. O comité organizador pode ordear como último recurso a prohibición a certos participantes a non correr algunha das copas; en base a que o nivel do piloto non é acorde a esa categoría; restando de este modo competitividade a esa Copa de Promoción.

**-XERAL SCRATCH (R5, R4, S2000 e GT)**  
**-PIRELLI TOP TEN (S1600, R3, R3T e GR.N 4x4)**  
**-PIRELLI AMF (R2 e GR.A 2RM Dianteiras)**  
**-VOLANTE FGA-PXP (R1)**

4.2 Permítese o cambio de montura sen previo aviso ao comité organizador, pero nunca o cambio de categoría unha vez comezado o campionato.

#### 5. PUNTUACIÓNS

5.1 Haberá unha clasificación xeral scratch e logo unha a parte por cada categoría. O sistema de puntuación será o seguinte, tanto para a xeral coma para as copas:

1º 30 puntos / 2º 27 puntos / 3º 25 puntos / 4º 23 puntos / 5º 21 puntos / 6º 20 puntos / 7º 19 puntos  
8º 17 puntos / 9º 15 puntos / 10º 13 puntos / 11º 11 puntos / 12º 9 puntos / 13º 8 puntos / 14º 7 puntos  
15º 6 puntos / 16º 5 puntos / 17º 4 puntos / 18º 3 puntos / 19º 2 puntos / 20º 1 puntos

5.2 Haberá unha clasificación de escuderías ao final do campionato.

5.3 En caso de empate, gana o que máis rallyes houbera gañado, e en caso de non haber vencido en ningún rallye ou seguir o empate, vence o mellor clasificado na última proba.

## 6. PREMIOS

6.1 Por total cortesía da **Federación Galega de Automovilismo** faráse entrega, na gala da Federación, dun trofeo para o vencedor de cada categoría, en total 4 trofeos. Estes trofeos así coma o campionato pódense considerar como TORNEOS OFICIAIS. Así mesmo a Federación Galega de Automovilismo é totalmente allea ao comite organizador pero sí **COORGANIZADORA E COLABORADORA OFICIAL** deste campionato.

- 1 TROFEO PARA O VENCEDOR DA CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH
- 1 TROFEO PARA O VENCEDOR DA COPA PIRELLI TOP TEN CASTROL
- 1 TROFEO PARA O VENCEDOR DA COPA PIRELLI AMF
- 1 TROFEO PARA O VENCEDOR DA COPA VOLANTE FGA-PXP

## 7. RESETS

7.1 So serán concedidos cando a causa do abandono conste no plugin como "Did not start SS...." ou "Did not arrive to time control on SS...." e só se concederá un por rally e participante.

7.2 Unha vez concedido o reset, o participante continuará no mesmo tramo que lle correspondía correr.

7.3 A organización non asegura a concesión do reset, sempre será a criterio do comité organizador.

## 8. REPLAYS E FAIR PLAY

8.1 É totalmente obrigatorio conservar as repeticións durante un periodo de 20 días, o comité organizador poderá solicitar a repetición de calquera tramo a calquera participante, xa sexa por reclamación de un terceiro ou por verificación de oficio. Queda totalmente prohibido a súa modificación ou manipulación baixo pena de exclusión indefinida. En caso de que o comité organizador solicite a repetición e non se lle proporcione será motivo de exclusión.

8.2 Queda totalmente prohibido recortar o percorrido co fin de gañar tempo, así como utilizar vallas, muros, gardarraís, obxectos ou calquer tipo de xesto ou manobra que iso implique a recortar o percorrido ou gañar tempo.

8.3 A penalización por recortes pode ser dende mínimo 90 segundos ata a total expulsión do campionato por tempo indefinido. Todo isto quedará en mans do comité organizador

8.4 Calquera tipo de vacío legal ou cuestión que non estea tipificada neste regulamento, poderá ser tratada a criterio do comité organizador, sempre acordando medidas ou acordos que supoñan o ben xeral para o campionato e o fair play.

## 9. DECORACIÓNS E DORSAIS

9.1 Non é obrigatorio facer decoración, pero sí é recomendable. Faránse crónicas de cada rallye, e para saír nas fotos e totalmente esencial ter un skin feito cos dorsais do campionato postos.


9.2 Neste debuxo indicamos como deberán de facerse as decoracións, os dorsais de cada participante irán definidos na LISTA DE INSCRITOS OFICIAL. (Nunca utilizar os dorsais da lista provisional, xa que coma ben di, non son os definitivos. Os definitivos faránse públicos o 04 de Xaneiro de 2019). **Link para descarga da plantilla dos dorsais:** [LINK](#)



Realizado por Joaquín Pérez para:  
Campeonato de Galicia de Rallyes Virtual



FUENTE VENTANILLAS  
"HELVETICA (TT) BOLD"



Nombre del  
copiloto  
OPCIONAL



PARASOL Y PEGATINAS  
DE PIRELLI EN DEFENSAS  
OBLIGATORIAS SI SALES  
EN ALGUNA COPA

INTENTAD RESPETAR  
LAS PROPORCIONES LO  
MAS PARECIDO A LAS  
REALES

ANEXO 1. CARTEL OFICIAL

1º Campeonato de  
**Galicia**  
de RALLYES VIRTUAL

**CATEGORÍAS**  
General **Scratch**  
Pirelli **TopTen**  
Volante **FGA PXP**  
Pirelli **AMF**

- Inscripciones abiertas (totalmente gratuita)
- Richard Burns Rallye + Plugin Checo
- Rallyes cada 15 días (7 pruebas, empieza el 15 de Enero 2019)
- Gran cantidad de pilotos y copilotos reales ya inscritos

Agradecimientos: Colabora:

[www.sim-controldegalicia.org/190-cgrv-2019](http://www.sim-controldegalicia.org/190-cgrv-2019)  
f CampeonatoDeGaliciaDeRallyesVirtual  
Powered BY: **RICHARD BURNS RALLYE**